



FICHA RESUMO

PE 403A 2010/37-5

Ano	2011
Entidade	CONFRARIAS DE BUEU, LOURIZÁN, MARÍN, PONTEVEDRA, PORTONOVO, RAXÓ E SANXENXO.
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE NAVALLA, LONGUEIRÓN E LONGUEIRÓN VELLO
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

Especies	Navalla (<i>E.arcuatus</i>), longueirón (<i>E.siliquia</i>), longueirón vello (<i>S. marginatus</i>).	
Ambito do plan	De punta Faxilda a punta Morcegos, Illas Ons e Onza.	
Subzonas de explotación e bancos	Área 1 - PORTONOVO: de Punta Faxilda a Punta Festiñanzo:	
	GAL 10/01	PO 035 – Porto Maior (L), PO 036 – Montalvo (L)

	GAL 10/05	PO 037 – Canelas (L), PO 038 – Caneliñas(L) PO 039 – Baltar (L), PO 040 - Silgar (N) PO 041 – Silgar (L) PO 109 - Porto Sanxenxo (L) PO 114 – Barreiros (L) PO 042 – Grileira (L) PO 043 – Areas (L)_____
	Área 2 - RAXÓ: de Pta. Festiñanzo a Pta. Chancelas (o límite coa área 3 é a liña imaxinaria de Pta. Chancelas a Con de Corbeiro-Illa de Tambo).	
	GAL 10/05	PO 044 – Adra II (N) PO 045 – Adra I (L) PO 046 – Os Bois (N) PO 047 - S.Marina-Pampaido (N)

	GAL10/06	PO 048 – S. Marina-Roivas PO 049 – Raxó (L) PO 051 – Sinás (N) PO 052 – Sinas-Samieira (N) PO 053 - Samieira II (N) PO 054 – Samieira I (L) PO 055 - Pta.Samieira (N) PO 056 – Area da Barca (N) PO 057 – Ouriceira (N) PO 058 - Aguillons (N)
	Área 3- BRENSA: de Pta. Chancelas a Pta. Campelo (o límite coa área 4 é a liña imaxinaria de Pta. Campelo a peirao da Illa de Tambo pegado a praia de Adreira).	
	GAL 10/06	PO 059 – Tambo Norte (N) PO 062 – Brensa Norte (N) PO 063 – Brensa (N) PO 064 – Brensa Sur (N)

10/06 -10/07	PO 060 – Tenllo (N)	

GAL10/07	PO 061 - Area de Illa (N) PO 065 – Tambo-bateas (N) PO 066 – A Barra (L) PO 067 – Combarro (LV) PO 068 – Campelo (N) PO 069 – Ameixal II (N) PO 072 – Lérez Baliza S (N)	
Área 4 - LOURIZÁN: de Pta.Campelo á Escuela Naval (límite área 5: liña imaxinaria da esquina oeste da Escola Naval - peirao I. Tambo, pegado á praia de Adreira)		
GAL 10/07	PO 070 – Lourizán (N) PO 072 – Lérez baliza N (N)	

(*) Modificado por Resolución do 16 de novembro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM. 1

(**) Modificado por Resolución do 22 de novembro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM.



	PO 073 – Río Lérez (N y L)	PO 074 - Lérez baliza S (N)
	PO 076 - Lourizán Río Lérez (L)	

GAL 10/07 – 10/08-1	PO 075 – Praceres (L)	

GAL 10/08 -1	PO 071 – Lourizán (L)	
Área 5 - MARÍN: de Escuela Naval Militar de Marín a Pta. Loira:		
GAL 10/06	PO 078 – Debaixo dos pinos (N)	PO 079 - Rabuñagatos (N)
	PO 080 – Mogor (N)	PO 081 – Mogor- A Moa (N)
	PO 082 – A Moa (N)	PO 083 – Cantil area alta (N)
	PO 084 – San Blas (L)	PO 085 – Aguete (L)
	PO 087 – Porto Aguete (N)	

GAL 10/05	PO 088 – Burato das pombas (N)	PO 089 – Loira (N)
Área 6 - BUEU: de Punta Loira a Punta Morcegos.		
GAL 10/05	PO 090 – A Cova (N)	PO 091 - Con do Santo (N)
	PO 092 - Con do Santo (L)	PO 095 – Portomaior (N)
	PO 098 - Loureiro (N)	PO 099 - Pescadoira (N)
	PO 101 - Rabaleira	PO 102 - Porto Beluso (N)
	PO 103 - Beluso (N)	PO 104 – Tulla (N)
	PO 105 – Mourisca (N)	

GAL 10/01	PO 106 – Bon (N)	PO 107 – Morcegos (N)
Área 7- Illas ONS: sublitoral das Illas Ons e Onza.		
GAL 10/01	PO 110 – Melide (N)	PO 111 – Ons (N)
	PO 112 – Ons-muelle (N)	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/personas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores/habilitacións
	28	43
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Si (cobertura vacantes)
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores/Habilitacións
-	1	2

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		227 (*) (**)									
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro, cunha veda para a navalla de dous meses en febreiro e marzo, e para o longueirón en abril e maio.											
Modalidade⁽³⁾ : mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agos	set	out	nov	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Rotación de áreas e zonas principais e secundarias											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	ago	set	out	nov	dec
4	1	6	3	2	6/7-5	4	3	4/2	5-6/7	2	3
2	6	1	6/7	6/7	5-3	5	2	6/7-5	3-5	5	2

(*) Modificado por Resolución do 16 de novembro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM. 2

(**) Modificado por Resolución do 22 de novembro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM.



Topes de captura		
Especies	Embarcación	Mergullador enrolado e a bordo/día
Navalla		15 kg
Longueirón		
Longueirón vello		

O tope de captura é conxunto para as 3 especies. Calquera exceso de capturas sobre os topos autorizados que se detecten no punto de control deberá ser devolto inmediatamente ao mar.

Artes ou técnica de extracción	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie.
---------------------------------------	---

Puntos de control	Zona de traballo mediante a embarcación de vixilancia.
Puntos de venda	Lonxas de Bueu, Campelo, Marín e Portonovo.

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas						X	X					
Zonas: Limpeza de fondos empregando embarcación con rastro e control de depredadores con técnicas de mergullo.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												

Outras consideracións
Participantes: o plan inclúe un total de 30 embarcacións e 44 cotas. Sen embargo, cómpre facer as seguintes puntualizacións:
-
-

(*). Modificado por Resolución do 16 de novembro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM. 3

(**). Modificado por Resolución do 22 de novembro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM.



Polo que, o número de embarcacións autorizadas no plan é de 28 cun total de 43 habilitacións ou cotas.

Ampliación do número de permisos: As entidades propoñen que solo contemplan a posibilidade de reincorporar a embarcación

Compre recordar que a selección de embarcacións dacordo co procedemento establecido para a selección de embarcacións e que esta selección farase unicamente de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños. Tendo isto en conta e que se produciron baixas, non se observa inconveniente en que se proceda a cobertura de 1 embarcación (con 2 mergulladores) en base ao indicado anteriormente.

Calendario de extracción e rotación de zonas: Tendo en conta a evolución do plan durante o ano 2010, o número de días máximos é de 227 (*) (**), cunha veda para a navalla de dous de 2 meses (febreiro e marzo) e 2 meses para o longueirón (abril e maio) salvo que os estudos de estado gonadal que se estean realizando aconsellen outra época distinta a esta.

Só se poderán rotar zonas, podendo abrirse cada mes dúas zonas de traballo (principal e secundaria) baixo as seguintes condicións:

- a) Que se traballe na zona principal de luns a xoves e na secundaria os venres. De luns a xoves e só en caso de mala visibilidade ou presenza de biotoxinas, podería pasarse da zona principal á secundaria previa comunicación vía fax ao departamento territorial, e sempre que o Intecmar informe favorablemente ambas zonas. Só poderá traballarse nunha das zonas. Os venres só se traballará na zona secundaria.
- b) Con cada petición mensual de apertura achegaranse os seguintes datos necesarios para o seguimento da explotación do mes anterior: data de extracción, data de venda, zona de traballo, identificación do barco e nº de tripulantes, cantidade extraída no punto de control e cantidade vendida, así como o prezo en primeira venda. Se a bióloga de zona non dispón destes datos para realizar o seguimento da CPUE, ou si nos datos presentados se detectan irregularidades na actividade nas zonas principais e secundarias, só se abrirán as zonas principais de luns a xoves.

Cota máxima de captura: 15 kg/mergullador/día, aceptándose os topes propostos no plan para os luns de todo o ano (11 kg/mergullador/día), agás na Semana Santa, xullo, agosto e a segunda quincena de decembro. Os topes diferenciados do luns deberán ser solicitados na correspondente apertura mensual.

Os topes de captura correspóndense coas cantidades máximas que deben ser extraídas e levadas ao punto de control no banco; calquera exceso por encima do autorizado debe ser devolto inmediatamente ao mar.

Punto de control: Se levará a cabo de acordo co disposto no apartado 2.2.4. do plan presentado.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, seguindo as instrucións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

(*) Modificado por Resolución do 16 de novembro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM. 4

(**) Modificado por Resolución do 22 de novembro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM.



Actividade de mergullo:

O informe da actividade de mergullo de data 17.11.2010 é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.

Os seguintes mergulladores están excluídos:

Detectáronse as seguintes incidencias:

-

A posesión de titulación caducada ou a carencia de titulación axeitada afectaría á participación das embarcacións do plan que tivesen enrolados mergulladores en esas circunstancias, as cales deberán acreditar ter un tripulante coa titulación necesaria para a actividade de mergullo para poder renovar a modalidade de navalla-longueirón no seu permiso de explotación, e polo tanto participar no plan de explotación e incluírse nas aperturas mensuais da actividade.

Mergullo en apnea: máximo 10 metros

Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo 12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Coa primeira solicitude de apertura deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola Capitanía Marítima correspondente.

Plan de control:

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo.

Os proxectos de rexeneración para a limpeza de fondos (algas e residuos sólidos) mediante embarcación con rastro, así como o control de depredadores con técnicas de mergullo, serán valorados unha vez sexan presentados, debendo especificarse as actuacións, zonas, calendario, metodoloxía e destino dos residuos.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas: A Administración do P.N. das Illas Atlánticas emitiu informe con data do 29 de novembro de 2010, respecto ao plan presentado.

(*) Modificado por Resolución do 16 de novembro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM. 5

(**) Modificado por Resolución do 22 de novembro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM.